

El símbolo perdido

Dan Brown

O autor de *El Código da Vinci* e *Ángeles y demonios* publica agora esta novela en que o protagonista, novamente Robert Langdon, se verá inmerso nun mundo clandestino de segredos masónicos, historia oculta e escenarios nunca antes vistos, atrapado entre as esixencias dunha mente perturbada e a investigación oficial. Robert Langdon é convocado para dar unha conferencia na sala máis

importante do Capitolio dos Estado Unidos. Crendo que quen a solicitara fora o seu vello amigo, masón e mentor Peter Solomon, ao chegar alí Langdon descobre que Solomon foi secuestrado por alguén que quere descubrir un antigo misterio que se sae á luz podería pór en perigo o mundo enteiro. Axudado, entre outros, pola irmá científica de Solomon, Katherine, Langdon terá as horas contadas para desvelar o misterio e poder salvar así a vida do seu amigo.

Enderezo descoñecido

Kressmann Taylor

Cando *Enderezo descoñecido* se publicou por primeira vez en 1938 causou gran sensación pola crueza coa que expuña diante da opinión pública norteamericana o veneno do nazismo desde os seus inicios. Axiña obtivo vendas espectaculares e foi editada en Inglaterra e traducida a outras linguas, sendo considerada como unha obra mestra. Escrita en forma epistolar pola norteamericana Kressman Taylor, esta novela representa un dos máis estarrecedores alegatos contra o nazismo, cuxo rostro se nos fai patente ao longo da correspondencia entre os dous personaxes, amigos e socios dunha galería de arte en California, Max Eisenstein, xudeu estadounidense, e Martin Schulse, alemán, que retoma ao seu país en 1932, coincidindo co ascenso do partido nazi.



Solo Boreal Bibliotecas Fomentos

Muriel Barbery

La elegancia del erizo



La elegancia del erizo

Muriel Barbery

Revelación literaria en Franza pola súa tenrura e orixinalidade, o cal lle valeu o Premio dos Libreiros e o favor do público. Dúas amigas inventan un mundo mellor grazas á beleza das pequenas cousas. No número 7 da rúa Grenelle, un inmoble burgués de París, nada é o que parece. Dúas dos seus habitantes esconden un segredo. Renée, a



porteira, leva moito tempo finxindo ser unha muller común. Paloma ten doce anos e oculta unha intelixencia extraordinaria. Ambas levan unha vida solitaria, mentres se esforzan por sobrevivir e vencer o desespero. A chegada dun home misterioso ao edificio propiciará o encontro destas dúas almas xemelgas.



Biblioteca do IES Ramón Menéndez Pidal (Zalaeta)

Rúa M.^a Victoria Fernández de España n.º 2

15002 A Coruña

Tel.: 981 20 30 00

E-mail: jrabade@edu.xunta.es

Visita o blog da biblioteca:

<http://bibliozalaeta.blogaliza.org>

A web do Instituto é:

<http://centros.edu.xunta.es/iesramonmenendezpidal/>



Atenda

Boletín da Biblioteca do IES Ramón Menéndez Pidal



1.º e 2.º de ESO



As lágrimas de Shiva



César Mallorquí

En certa ocasión, hai disto xa moito tempo, vin unha pantasma. Si, un espectro, unha aparición, un espírito; podemos chamalo como queiramos, o caso é que o vin. Ocorreu o mesmo ano en que o home chegou á Lúa. A pesar de que houbo momentos nos que pasei moito medo, esta historia non é o que poderíamos chamar unha novela de terror. Todo comezou cun enigma: o misterio dun obxecto moi valioso que estivo perdido durante sete décadas: as Lágrimas de Shiva.

Emily The Strange: Los días perdidos

Rob Reger


O misterio contido do argumento comeza cun intrigante despertar de Emily nun lugar descoñecido e falta de memoria. A obra está narrada en primeira persoa a modo de diario, pois será o caderno e o bolígrafo que acompañan a Emily neste primeiro despertar os que a sigan ao longo de cada capítulo para plasmar os seus descubrimentos e as súas preguntas. A intriga que nos recibe ao principio da obra mantense día tras días, e as curiosas hipóteses de Emily non teñen desperdicio, así como as súas descrições dos personaxes e espazos da obra, as narracións dos seus pesadelos (que lle encantan, como boa goth) ou a reprodución dos diálogos.



Valados

Agustín Fernández Paz

Helena e Xoel son amigos inseparábeis, non hai horas que lles cheguen para estaren xuntos. Na súa vila comezan a suceder feitos que os desacogan; semella que un vento estraño varreu a alegría das rúas e deixou no seu lugar odio, xenreira e medo. Axiña se erguen altos valados para separar e illar unhas persoas doutras. Valados visíbeis, e tamén invisíbeis, que afastan a Xoel e a Helena. Os dous terán que idear mil e unha artimañas para manter viva a intensa amizade que os une



Momo

Michael Ende



Momo é unha nena con pelo rizo que vive nas ruínas dun anfiteatro romano dunha poboación chea de xente que necesita falar con alguén e ser escoitada. Desde que Momo chegar alí todos encontraron, naquela nena de roupa grande, unha amiga, unha conselleira e unha mestra. Os homes de gris son uns estraños individuos que representan ao Banco do Tempo que promocionan a idea de aforrar tempo entre a poboación, tempo que se deposita no Banco e é devolvo ao cliente despois con intereses. Na realidade fan que a xente esqueza todo salvo aforrar todo o tempo posíbel para o seu hipotético uso posterior, deixando de facer todo o que se considera perde ro tempo como a arte, a imaxinación e mesmo durmir.

3.º e 4.º de ESO

Ás de bolboreta

Rosa Aneiros


Na Luzada, a cafetería de Patricia, conflúen cada mañá os camiños de Manuel, un neno de orixe africana a quen lle morreu a nai adoptiva e que comparte varias horas do día co avó; de Lola e Eusebio, matrimonio de persoas maiores que viven soas; de Iqbal, xove de país paquistanís que decidiu marchar a Londres tras os atentados de 2005 no metro; de Aysel, kurda que manifesta a impotencia que sente pola indiferenza con que a comunidade internacional acolle a represión contra o seu pobo; o dos alpinistas do monte Gurugú, dous xoves nixerianos que tentan attavesar o valado da fronteira de Melilla para reunirse coa súa tía; de Paco e Adolfo, dous homes covardes que non aprenderon a considerar as súas mulleres como compañeiras de viaxe...



Los mejores relatos de terror

Varios autores

Trátase dunha selección de narracións xeniais que, manexando con precisión a complexa maquinaria que dá vida a un bo conto, atrapan e manteñen en vilo ao lector, que só dominan Mestres do xénero como E.A. Poe, T. Gautier, A. Bierce, W.W. Jacobs, H.G. Wells, A. Machen, H. Quiroga e H.P. Lovecraft. O terror e o misterio ocultos tras o descoñecido, as sensacións inesploradas que axexan entre aquilo que escapa á razón, os pánicos privados surxirán de maneira imprevista e definitiva.



A cova das vacas mortas

Jaureguizar


Xoel é un mozo de Negueira de Muñiz que vive coa nai, de orixe alemá, nunha comuna na aldea de Foxo. Farto da vida que leva, soña con poder marchar de alí e embarcar nun petroleiro. A vida de Xoel muda o día en que o seu avó, viúvo e enfermo de Alzheimer, chega desde Berlín para reencontrarse coa filla. Entre a equipaxe, trae unha maleta chea de fitas de cine e mais unha cámara super 8.

O vello fora colaborador da polémica e xenial directora de cine alemá Leni Riefenstahl, acusada de simpatizar co réxime nazi. Neses días Xoel coñece tamén a Iria, filla dun dos antigos propietarios das casas de Foxo, os cales comezaron a reclamar as súas vivendas ocupadas cando se construíu unha pista que fixo accesible o lugar. Entre eles nacerá unha historia de amor afrontado porque Iria defende o dereito dos antigos propietarios de Foxo a recuperar as súas propiedades e ademais representa a crítica ao nazismo.

Voces robadas

Zlata Filipovic (recompiladora)

Tal como indica o subtítulo, trátase de diarios de guerra de adolescentes desde a Primeira Guerra Mundial até Irak. Entre as vítimas da retagarda das guerras están os nenos e os adolescentes, que contemplan perplexos e desolados como todo o seu mundo se derruba. Este libro propón unha visión das máis terribes guerras do século XX a través da inocente ollada dos nenos e adolescentes que a viviron e sufriron. Desde a Primeira Guerra Mundial até a guerra de Irak, pasando polo Holocausto, Vietnam, a intifada palestina ou a guerra de Bosnia, o volume reúne o emotivo testemuño das vítimas máis inocentes das guerras.



Bacharelato, Ciclos Formativos e adultos



O xardín das pedras flotantes

Manuel Lourenzo González

Gañador do Premio Xerais de Novela, é un relato de amor insólito, extraordinario e paixonal entre dous adolescentes, marcado por unha historia confluyente de carácter xenealóxica, que arranca desde a Idade Media e nos conduce até a actualidade. Relata, con moitísima frescura, unha historia fermosa e poderosa, gobernada por unha grande imaxinación e ategada de pequenas e riquísimas crónicas que acaban encaixando na engrenaxe da novela coa precisión da maquinaria dun reloxo. Bota man de elementos da literatura fantástica ou da traxedia e un sutil sentido do humor, combinando varias persoas narrativas, homenaxeando esa literatura que viaxa de Lovecraft a Poe, e adobiase, desde a contemporaneidade, cos intensos sentimentos humanos que o amor provoca nos comportamentos dos personaxes.